



cartas de amor:

15 artistas contra a violencia de xénero

Unidade Didáctica para Educación Secundaria

XUNTA DE GALICIA

AUTORA
Gloria Isabel Serrato Azat

Esta unidade didáctica baséase na exposición Cartas de Amor: 15 artistas contra a violencia de xénero.

Unha produción de El Patito Editorial
para a Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia. Xunta de Galicia

© 2013 Gloria Isabel Serrato Azat, polos textos
© 2010 Miguel Calatayud, Patricia Castelao, Fausto Isorna, Primitivo Marcos, Jack Mircala, Javier Olivares,
David Pintor, Pirusca, Sonia Pulido, Paco Roca, Sergi San Julián, Eva Vázquez e Óscar Villán, polas ilustracións

Depósito legal C 183-2013
Deseño e maquetación Fausto Deseño Asociados
2013

índice

4 ■ **Presentación**

6 ■ **Introdución**

9 ■ **Actividades**

11 ■ Actividade nº 1. Que é ser un home?
Que é ser unha muller?

14 ■ Actividade nº 2. Falemos de amor

16 ■ Actividade nº 3. O mito do amor romántico

18 ■ Actividade nº 4. O coidado das relacións

20 ■ Actividade nº 5. A linguaxe

22 ■ Actividade nº 6. Que din as cancións?

24 ■ Actividade nº 7. O amor e a liberdade van da man

28 ■ Actividade nº 8. Quen ben te quere, farate chorar?

31 ■ Actividade nº 9. Eu, no teu sitio...

33 ■ Actividade nº 10. Ata onde?

36 ■ Actividade nº 11. A relación amorosa

38 ■ Actividade nº 12. Pódese amar e ser libre á vez

43 ■ **Glosario**

47 ■ **Bibliografía**

presentación

Susana López Abella Secretaria xeral da Igualdade

A Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, aposta decididamente pola prevención da violencia de xénero, e dedica o capítulo III do título I ás medidas no ámbito educativo. Entre elas destaca o desenvolvemento e difusión de “proxectos e materiais didácticos actualizados, dirixidos a todos os niveis educativos, que conteñan pautas de conduta que transmitan valores de respecto e igualdade, de xeito que se favoreza a prevención de actitudes e situacións violentas”.

Nos últimos anos detéctanse moitos casos de relacións de parella entre adolescentes cunha forte carga de violencia verbal e incluso física. Na busca de solucións preventivas e co obxectivo de atallar este problema, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia puxo en marcha unha serie de accións encamiñadas a que os e as adolescentes reflexionen sobre a existencia de violencia nos seus modos de se relacionaren.

Unha delas foi unha mostra expositiva, titulada “Cartas de amor”, que pretendía establecer un paralelismo entre o mundo romántico das primeiras relacións de parella e a crueldade que, ás veces, vai asociada a elas. Para isto, propúxoselles a varios e varias debuxantes que plasmasen nunha imaxe situacións ou momentos que considerasen violentos entre adolescentes, co obxectivo de pór de manifesto a necesidade de mudar esas actitudes por outras nas que prime o respecto á parella. Deste xeito, xurdiron traballos como os dos dous premios nacionais de ilustración, Miguel Calatayud, e de cómic, Paco Roca, no ano 2009; así como figuras galegas, como Patricia Castella, Pirusca, David Pintor e Óscar Villán. Tamén participaron autoras e autores que están acadando grande éxito entre a xente máis nova, como Eva Vázquez, Javier Olivares, Primitivo, Sonia Pulido, Jack Mircala ou Sergi San Julián, e o deseñador Fausto.

Dada a boa acollida que obtivo a mostra expositiva en cada un dos centros educativos nos que estivo presente, na Secretaría Xeral da Igualdade decidimos elaborar, ao

amparo da dita mostra, unha unidade didáctica que permita ao profesorado incidir na prevención e abordaxe da violencia de xénero dende o ámbito educativo. Sabemos que este ámbito é o primeiro e o máis axeitado para traballar nesa liña e para rachar cos tópicos sobre a violencia contra as mulleres.

Agardamos que este material sexa útil e que sume un gran máis ao esforzo colectivo que nos compete a toda a sociedade por educar en igualdade e na non violencia, e avanzar así no camiño a prol da eliminación da violencia de xénero.

introdución

As obras que conforman a exposición “Cartas de amor” foron pedidas aos seus autores e autoras, co fin de que ilustrasen o que eles e elas interpretan como situacións ou momentos violentos nas relacións entre parellas adolescentes, para facer evidente a existencia desta parte da realidade e como convite “a reflexionar, a escoitar o que o corazón nos di, sempre pensando tamén no respecto e na liberdade das persoas que están ao noso lado.”

Este documento é un dobre convite ao profesorado de secundaria: en primeiro lugar a reflexionar en primeira persoa sobre a violencia e en segundo lugar, a compartilo co alumnado, a través da realización das actividades que se propoñen.

A coeducación

A coeducación está consagrada na lei como **transversal**, é dicir, coa intención de que cada profesor e profesora na súa aula, na súa materia, eduque recoñecendo a presenza e achegas das mulleres dando e sostendo a vida, así como creando e contribuindo historicamente a todos os ámbitos do coñecemento.

Este recoñecemento das mulleres e as súas achegas é fundamental para previr unha lacra social profundamente inxusta e intolerable, como é a *violencia de xénero*, é dicir a violencia que sofre unha muller polo feito de ser muller.

Se miramos cara ao pasado inmediato, hoxe pódenos sorprender gratamente a xenerosidade con que un bo número de profesoras e profesores abordan, crean e comparten as súas experiencias coeducativas na aula e nas súas materias. Este profesorado nalgúns casos leva anos desenvolvendo un labor coeducativo e, a raíz da denuncia e sensibilización sobre a violencia cara ás mulleres, empezou a preguntarse sobre as causas da súa existencia e a necesidade de abordalo tamén dende o ámbito da escola.

Non sabemos con certeza se a violencia de xénero aumentou pero sabemos que segue existindo. Sabemos máis e mesmo se condena publicamente. O noso alumnado tamén escoita noticias sobre o tema e participa en actos conmemorativos, como o día 25 de novembro, que se desenvolven na actualidade en numerosos centros educativos. Entón, que pasa para que entre adolescentes se reproduzan certas condutas? É necesario responder á preocupación dunha parte do profesorado acerca das actitudes de certo alumnado que repite modelos que, segundo o mesmo profesorado, “se consideraba que estaban superados”.

¹ Graciela Hernández Morales,
Prevenir la violencia. Una
cuestión de cambio de actitud.
*Cuaderno de educación no
sexista* nº 7. Instituto da Muller.
Madrid 2006

Na escola

*Un xesto, un golpe, un insulto, facer que non oes, menosprezar, ameazar, ridiculizar, marxinar... nunha palabra: excluír; todo isto son manifestacións da violencia na escola que afectan a cada nena e a cada neno: ao seu corpo, á súa forma de entender o mundo, á súa sexualidade, á visión que teñen de si, á súa dignidade...*¹

Estas palabras sobre o que é a violencia sérvennos para abordala dentro do ámbito escolar porque na escola a sofren as nenas, as rapazas, e os nenos, os rapaces, que non responden a un modelo masculino patriarcal. De aí que na escola, para previr a violencia, é moi importante ter en conta que a violencia se exerce tamén cara ao considerado "tradicionalmente feminino" en xeral e con moita virulencia cando o expresa un neno ou un rapaz.

Recuperar o sentido orixinal de autoridade na aula

A autoridade, auctoritas, que entre outras acepcións ten a de 'facer crecer', xéraa quen, coa súa sabedoría, a súa escoita e as súas palabras, favorece que outras, outros, poidan manifestar os seus desexos, os seus pensamentos. Implica amor e confianza, sentimentos fundamentais nunha relación educativa se queremos que elas e eles nos escoiten de verdade, nos falen de verdade.

Abordar aspectos tan delicados coma este que pretendemos require unha actitude de disposición e de escoita

exquisita, é dicir, non se debe dar nada por suposto. Nun primeiro momento, o alumnado, cando se formulan determinadas situacións, pode dar a resposta doada ou estereotipada. Non obstante, a experiencia do profesorado e de moitas persoas que traballan con adolescentes ensínanos que detrás da súa actitude, das súas expresións, case sempre hai outros sentimentos que non manifestan por diferentes razóns. Pode ser que nunca llelo preguntasen. Pode ser que non queiran significarse ante o grupo ou pode ser que non encontren as palabras para expresar o que verdadeiramente queren dicir.

Escoitar é o único xeito que temos para ensinalles tamén a escoitarse e expresarse sen medo. É necesario que elas e eles entendan o sentido e o significado das palabras ou expresións que usan e o que hai detrás de todo isto. Non lles pasa soamente a adolescentes; as persoas adultas temos tamén a experiencia de descubrir que algo que dicimos ou facemos oculta un sentido, non expresa precisamente os nosos verdadeiros senti-

mentos. Por exemplo, algunhas das palabras e expresións que se usan para dicir que algo é agradable ou que algo é aburrido, ou as que se seguen empregando para nomear as relacións íntimas ou os corpos e as súas diferentes etapas, especialmente o corpo e os procesos dos corpos femininos, son palabras e expresións cun alto contido sexista.

Cando se suxire que non se debe dar nada por suposto, faise referencia a que tamén a experiencia do traballo con alumnado adolescente, nos evidencia que nun grupo hai gran diversidade e, ás veces, atopamos con aquela ou con aquel que ten algo que dicir, algo que ensinar tamén ao grupo. Cada ser é singular e único. Cada alumna ou alumno ten unha experiencia que contar e, ás veces, se creamos as condicións, se dedicamos o tempo e abrimos o espazo para a comunicación e o intercambio, recibimos sorpresas agradables, experiencias que seguramente as súas compañeiras e compañeiros escoiten, reflexionen sobre elas e poidan chegar a compartilas.

As actividades

As actividades propostas teñen como primeiro **obxectivo** proporcionar ao profesorado recursos que dun xeito sinxelo lle facilite coñecer de primeira man que pensan e senten as súas alumnas e alumnos e como o expresan. Así, poderase continuar afondando, partindo das súas propias palabras e dos seus propios sentimentos.

Pódese abordar o tema da violencia cara ás mulleres dende diferentes perspectivas. Non obstante, se o que queremos é previr esta violencia, é fundamental indagar nas súas causas. A denuncia e a sensibilización teñen un papel moi importante e, por suposto, non se deben descoidar. Ao tempo, debemos abordar a prevención dende as situacións que as rapazas e os rapaces poden ter máis preto e que, polo tanto, lles faga máis comprensible **como se coa a violencia**.

É algo xeral que, tratándose de rapazas e rapaces en formación, cando abordamos a violencia —visibilizando a extrema que se exerce nos corpos das mulleres e a morte de tantas ás mans das súas parellas e ex-parellas— o alumnado a condene. Pero, ademais disto, é importante que se pregunte en primeira persoa, que indague sobre a súa orixe, para que sexa capaz de chegar a ver que a violencia de xénero está profundamente ligada a un xeito de entender as relacións baseado en mitos, falsas crenzas, malas maneiras de entender o que é un home ou o que é unha muller e o que é unha relación amorosa.

Por isto, nalgúns actividades suxírese invitalos a pensar acerca das infinitas maneiras de ser home e de ser

muller, de relacionarse preguntando e contestando ao propio desexo, indagando no que significa **ser libres**.

Tamén estas actividades queren facilitar o inicio dunha toma de conciencia sobre a necesidade de ter palabras para nomearnos e nomear o amor, a sexualidade, os desexos, as relacións... e facelo 'dende si' e intercambiando coas outras e os outros.

Contido das actividades

Cada proposta desenvólvese a partir da obra e o seu título. Así mesmo, dáse un nome á propia actividade, como orientación. O obxectivo descrito en cada unha enmárcase nos obxectivos propostos anteriormente: coñecer, comprender, buscar palabras para nomear *dende si* os sentimentos, máis alá do estereotipo ou dos mitos e falsas crenzas sobre as relacións de parella.

As palabras e conceptos **clave** para o desenvolvemento de cada exercicio ou actividade están contidos no **glosario**. Outras palabras clave poden consultarse no dicionario como parte da actividade que se propón realizar.

O apartado de **consideracións previas** indica a cada profesor ou profesora aspectos que debe ter en conta para realizar e desenvolver a proposta. A mesma obra, en case todos os casos, dáunos detalles, palabras, expresións, a partir das cales podemos orientar o alumnado.

En cada actividade suxírese ao profesorado un **tempo para o seu desenvolvemento e os materiais**. Por suposto, a creatividade e o facer particular de cada profesora ou

profesor e tamén a singularidade de cada aula, de cada materia ou titoría e de cada grupo será o que sinala os tempos. Suxírense entre unha ou dúas sesións ou clases; non obstante, isto dependerá da conformación do grupo, número de alumnas e alumnos, nivel académico, ámbito, e será a profesora ou o profesor quen determine a conveniencia da súa duración.

Case todas as actividades se expresan **en masculino e en feminino**. A **escola mixta** é un lugar privilexiado para as relacións, no sentido de que é o ámbito onde o alumnado ten a oportunidade de **aprender a relacionarse co outro sexo** e por iso é conveniente que ante situacións que poden darse, e de feito se dan, entre adolescentes, o pen-

sen, o falen entre elas e eles e intercambien dende o seu ser muller ou ser home. Só algunha actividade propón a reflexión individual de diferente xeito a rapaces e a rapazas, pero sempre hai lugar para o intercambio entre unhas e outros.

É recomendable que quen coordine a actividade o faga como moderadora ou moderador, especialmente intentando manter centrado o interese na actividade: mediar cando haxa necesidade de aclarar un termo e dar medida ou poñer límite cando se crea que se debe facer. En todo caso, hai que saber escoitar a necesidade de continuar afondando, para o que ofrece ao final unha bibliografía comentada á que se pode acceder a través de Internet.



Actividade nº 1

Que é ser un home? Que é ser unha muller?

Ilustración

Sen título

Autor

Óscar Villán

Conceptos clave

sexo – xénero – diferenza sexual – estereotipos

Obxectivo

Invitar o alumnado a comprender o significado destas palabras e propoñerlle a liberdade que entraña comprender a diferenza sexual, é dicir, *o sentido e significado que cada muller dá ao feito de pertencer ao sexo feminino e que cada home dá ao feito de pertencer ao sexo masculino.*

Consideracións previas

A obra de Óscar Villán ofrécenos unha parella en que o volume das figuras é significativo. Aínda que nos ensina outras características, tomaremos simplemente o primeiro que aparece á nosa vista: un home e unha muller.

Xeralmente asignamos actitudes e prácticas diferentes a un e outro sexo. E, se ben é certo que hai prácticas que historicamente foron máis femininas que masculinas ou viceversa, tamén é certo que en moitos aspectos da vida,

responderon ao que socialmente era ou non admitido. Un exemplo moi claro encontrámolo na historia do acceso á educación para as mulleres.

Trátase de analizar en compañía do alumnado as razóns polas que asignamos características diferentes segundo se trate dunha muller ou un home, a pesar de seren sentimentos ou prácticas que poden estar presentes nun ou outra.

Trátase principalmente de que perciban a liberdade de que todo home e toda muller debe gozar para realizar o seu desexo máis alá dos estereotipos e, polo tanto, a importancia da igualdade de oportunidades.

Desenvolvemento da actividade

Tempo: unha sesión

Materiais:

- cartolinas para as siluetas e os bocadillos
- un encerado
- cinta adhesiva
- rotuladores e tesoiras

Previamente, quen coordine a actividade decide se preparar as siluetas e bocadillos para pegar no encerado ou pedirlle ao alumnado que o faga.

Repártense os bocadillos coas frases propostas ou outras...

Cada profesor ou profesora ou quen coordine a actividade poderá achegar frases que lle parezan axeitadas ou que

sería interesante propoñerlle ao alumnado, tendo en conta o uso dunha linguaxe inclusiva, por exemplo “son unha persoa meticulosa”.

Outras frases poden ser:

- Encántanme as películas de acción
- Gústame escribir poesía.
- Dánseme moi ben os arranxos domésticos...

Podemos incluír frases que teñan, por exemplo, profesións.

Pegamos as siluetas no encerado e repartimos os bocadillos a cada alumna e a cada alumno. A continuación, pedímoslles que coloquen o bocadillo que aleatoriamente lles tocou na silueta feminina ou masculina segundo lles pareza.

Pode pasar que alguén diga, porque lle parece ou porque o cuestiona alguén do grupo, que hai algo que podería dicir ou sentir calquera das dúas siluetas. Neste caso, pedímoslle que a coloque no medio.

Ao rematar de colocar os bocadillos analizaremos cada frase, co obxectivo de que reflexionen se estes sentimentos ou habilidades son exclusivos dun sexo, invitándoos a contarnos outras realidades ou dándolles exemplos que mostren o contrario. A continuación, podemos falar con elas e eles do que é sexo, xénero, diferenza sexual, estereotipos.

SON UNHA PERSOA TENRA.

DÂNSEME MOI BEN
OS LABORES DA CASA.

GUSTARÍAME
FORMAR UNHA FAMILIA.

NON TEÑO
MOITA FORZA FÍSICA.

O QUE MÁIS
ME GUSTA É BAILAR.



ENCÂNTANME AS
PELÍCULAS ROMÂNTICAS.

CONSIDÉROME
MOI VALENTE.

SON INDEPENDENTE.

SON SENTIMENTAL.

SON UNHA
PERSOA CREATIVA.





Actividade nº 2

Falemos de amor

Ilustración

Romper a cadea que o unía
a el doíalle, pero, sen dúbida,
aquela dor ía resultar moito
menor que a que sentiu cando
rompeu o seu corazón.

Autor

Miguel Calatayud

Conceptos clave

Amor - simbólico

Obxectivo

Ofrecer ao alumnado a través da análise destes símbolos que se pregunte individualmente e logo en diálogo coas súas compañeiras e compañeiros cales son as súas propias representacións ou símbolos para o amor.

Consideracións previas

Nesta obra, o seu autor, Miguel Calatayud, plasmou unha serie de símbolos que representan a violencia debuxando un trono, un látego, un grifón... así como a un home e a unha muller.

Faremos unha busca das propias imaxes que hai no noso simbólico sobre o que significa o amor e iniciaremos a

conversación sobre o que chamamos simbólico; un concepto esencial para entender algo profundamente ligado á violencia cara ás mulleres ou violencia de xénero, como é unha orde simbólica patriarcal que aniña nalgúns conceptos e prácticas das relacións entre homes e mulleres. É dicir, unha orde xerárquica das relacións que, por unha parte, dá valor ao significarse co poder e, por outra, implica a submisión ou sometemento.

O termo simbólico, podemos aclaralo remitíndonos a outros símbolos ou sinais da vida cotiá. Un exemplo pode ser cando entramos nunha aula de infantil e a recoñecemos polos debuxos e adornos que alí encontramos.

Desenvolvemento da actividade

Tempo: unha sesión

Materiais:

- Fotocopias individuais coas preguntas.
- Revistas para recortar letras ou imaxes para a colaxe, que se traballará en grupos, preferiblemente das revistas xuvenís, que estean ao seu alcance.
- Cartolinas, tesoiras e pegamento.
- Rotuladores

Despois de proxectar a imaxe, propoñer e explicar ao alumnado os conceptos de **amor** e de **simbólico** (glosario), repártense os folios coas preguntas a cada alumna e a cada alumno para que contesten de forma individual e anónima:

Trata de recordar un momento da túa vida en que te sentiches querida ou querido, xa fose na familia, nunha relación de amizade, amorosa ou nunha relación educativa. Con que imaxe, con que xesto, palabra ou símbolo representarías esa sensación?


Despois de describir este recordo, fíxate na imaxe que vimos e contesta a estas preguntas:

- Que cres que está a pasar nesta parella?
- Que símbolos de amor hai no cadro?
- Que símbolos interpretas como violentos?
- Como cres que se sente ela?
- Como cres que se sente el?

Cando rematen de responder, pídeselles que formen grupos para elaborar unha colaxe coas palabras, imaxes, xestos, signos que expresasen nas súas respostas, pegando os recortes e letras.

Podemos orientalos propoñéndolles unha imaxe, obxecto, palabra ou representación que escollerían para ilustrar unha tarxeta para a persoa de quen na realidade, ou facendo un exercicio de imaxinación, están ou estarían namoradas ou namorados.

Finalmente, poderemos deixar exposta a colaxe e recolleremos as respostas individuais que nos orientarán sobre aquilo en que sería conveniente seguir afondando.



Actividade nº 3

O mito do amor romántico

Ilustración

Non te esquezas

Autora

Patricia Castelao

Concepto clave: Mito

Obxectivo

Afondar co alumnado na comprensión do simbólico e entender a importancia de preguntarse a si mesma, a si mesmo, sobre os seus propios sentimentos e relacións e o xeito de expresalos máis alá dos mitos, como o do amor romántico, que pode facernos pensar que “amar unha persoa é ter ollos só para ela”.

Consideracións previas:

A imaxe que nos ofrece Patricia Castelao pódenos remitir ao final dunha película, ou dun daqueles contos infantís que remataban “E foron felices”.

A autora tamén, a xeito dun rastro que vai deixando a parella, mostra obxectos que parecen ir caendo dun bolso, que claramente é o dela. Este rastro a algunha xeración pódenos recordar aquel bolero que cantaba: “Si tu me dices ven, lo dejo todo...”.

Hoxe tamén algunhas cancións, algunhas películas, algúns contos falan da relación amorosa dende esta crenza que é o **“mito do amor romántico”**. A xeito de exemplo podemos mencionar cancións como “Sin ti no soy nada” ou películas que triúnfan entre mozos de ambos os dous sexos como *Tengo ganas de ti* ou *Crepúsculo*.

Estas concepcións estereotipadas do amor reforzan a existencia deste mito. Por iso é necesario abordar o que é un mito, aprender a preguntarse sobre o propio desexo e buscar as palabras para expresalo, para dicir realmente o que se sente.

Despois do bico, despois do matrimonio fastoso dos contos, as relacións poden ir ben ou poden ir mal. Non se trata de rexeitar unha relación amorosa de parella ou crer que as cousas deben rematar mal. Trátase de pensar dende a propia realidade, a do propio ámbito, onde vemos e coñecemos parellas, mesmo de moitos anos, que sostiveron e conservan unha relación amorosa.

Con esta actividade, de xeito creativo, damos a oportunidade ao noso alumnado de valorar os seus propios gustos e relacións e de reflexionar sobre como unha relación non se sostén por arte de maxia, porque, cando isto se cre, pode carrexar frustracións a quen ve que as cousas non saen como estaba previsto.

Desenvolvemento da actividade: _____

Tempo: unha sesión _____

Materiais: fotocopias individuais coas preguntas. _____

Proxectar a imaxe e propoñerlles que digan o que cren que nos quere dicir a artista, dándolles pistas sobre os obxectos que hai no rastro.


Repartir os folios individuais coas seguintes preguntas, que serán respondidas de xeito anónimo.

- **1.** Pensa na túa mellor amiga ou amigo e, pensando nela ou nel, escribe por que o queres?
- **2.** Pensa na túa afección ou deporte preferido e escribe por que che gusta?
- **3.** Estarías disposta ou disposto a deixar de lado a túa mellor amiga ou amigo? Por quen?, por que?
- **4.** Estarías disposta ou disposto a abandonar a túa afección ou deporte preferido? Por quen?, por que?
- **5.** Alguén a quen queres e que te quere deixoute de lado porque se namorou?
- **6.** Se vises que a túa amiga, o teu amigo, ou alguén da túa familia, empeza a deixar de lado as súas amizades, as súas afeccións, o seu deporte preferido, porque só quere ir co seu noivo ou coa súa noiva, que lle dirías?

Cando rematen de contestar, en grupos preferiblemente mixtos, propoñémolles que comenten as súas respostas entre elas e eles e que completen o título da obra:

Non te esquezas de...

Quen coordine a actividade, ou unha ou un voluntario, pode ir escribindo no encerado ou cartel as palabras que expresen os grupos.



Actividade nº 4

O coidado das relacións

Ilustración

O amor é un agasallo, non unha esixencia, e os agasallos non se abren bruscamente, senón con gratitude, con tenrura, con ilusión.

Autor

Jack Mircala

Palabra clave

Coidar

Obxectivo

Recoñecer a propia capacidade para o coidado e a importancia desta actitude en calquera tipo de relación.

Consideracións previas

O título desta obra ofrécenos moitas posibilidades para falar do coidado. Ademais, o seu autor, Jack Mircala, fala claramente do amor como un don ante o cal sentir gratitude, tenrura, ilusión. Calquera destas palabras podería ser clave. Non obstante, ao remitirnos claramente ao regalo e ao coidado que debemos ter ao abrillo, ofrécenos afondar sobre esta palabra que nos acompaña dende o nacemento,

que é tamén cando se inicia a nosa aprendizaxe do amor...

Todas e todos, dende pequenas e pequenos, temos a experiencia de ter coidado e tamén ter desatendido, unha planta, unha mascota, un xoguete...

Unha simple metáfora para levalos a formularse como as relacións tamén requiren de coidado, **do propio, do outro ou da outra**. É dicir, coidarse coidando.

Desenvolvemento da actividade

Tempo: unha sesión

Materiais:

- fotocopias individuais coas preguntas
- folios para que escriban o que van conversando no grupo

Pedímoslles que coas súas propias palabras e individualmente escriban nun folio o que nos quixo dicir o artista. Estás de acordo? Por que? Non estás de acordo? Por que?

A continuación, dividida a clase en grupos, propoñémoslles que conversen sobre unha experiencia persoal en que coidaron de alguén ou recibiron coidado.

Cada grupo acorda a situación ou situacións que lle parecen máis claras para explicar o coidado e nomea unha ou un voceiro para que logo o expoña en gran grupo.

Finalmente, quen coordine a actividade escribirá no encerado palabras con que queiran completar a seguinte frase:

Coidar a relación é...



Actividade nº 5

A linguaxe

Ilustración

O maltrato non sempre deixa pegadas visibles. A violencia verbal atrapa e anula a persoa maltratada.

Autora

Pirusca

Concepto clave

Comunicación

Obxectivo

Compartir co noso alumnado a necesidade de afondar na linguaxe. Tomar conciencia da importancia das palabras e expresións para comunicarnos e a violencia que conteñen moitas das palabras que utilizamos.

Consideracións previas

A partir desta ilustración, na que vemos unha muller no centro dunha serie de palabras e expresións de menosprezo que a envolven, podemos establecer un diálogo sobre como falamos e o xeito en que, ás veces, exercemos violencia ao dirixirnos non só á parella senón tamén a un compañeiro ou compañeira.

Podemos facer tamén un exercicio que os leve a comprender a importancia da empatía nas relacións. Todas e todos temos experiencias de malestar cando nos dixeron, ou nos din, determinadas palabras. A pregunta clave é como me sinto?

Traballar coas palabras é moi importante non só para tomar conciencia do maltrato nunha parella senón que é conveniente saber que, se non queremos maltratar, non debemos usar esas palabras ou insultos que moitas veces expresamos no noso xeito cotián de falar.

Desenvolvemento da actividade

Tempo: unha sesión

Material


- folios e dicionario de sinónimos
- fotocopias da ilustración
- fichas de cartolina
- rotuladores
- pegamento

Dividida a clase en pequenos grupos, pedímoslles que busquen sinónimos das palabras solidariedade, benestar e alegría. A continuación, cada grupo elixirá os sinónimos que máis lle gusten buscando o consenso, máis que a maioría. Pode ser que a varias ou a varios lles guste a mesma palabra ou que a todo o grupo lle gusten todas as palabras.

A continuación pedímoslles que escriban os seus sinónimos preferidos nas fichas de cartolina e que as vaian colocando no encerado.

Sairán moitas palabras para expresar estes tres sentimentos e orientaraos sobre a cantidade de palabras que nos ofrece a nosa lingua para expresar un sentimento agradable, indicándolles tamén que para expresar os sentimentos de malestar hai tamén moitas palabras que non necesariamente insultan ou menosprezan.

Finalmente, pedímoslles que cada grupo recorte a silueta da rapaza da pintura e cambie as palabras despectivas polas que lles pareza que poderían ir arredor da imaxe.



Actividade nº 6

Que din as cancións?

Ilustración

Como unha gota malaia, cala na nosa mente a idea de que non somos nin valemos nada, só o que nos permita o monstro que nos acompaña.

Autor

Sergi San Julián

Concepto clave

Simbólico

Obxectivo

Analizar o que nos transmiten certas cancións “románticas” contribuíndo así a soster o mito do amor romántico.

Consideracións previas

A ilustración deste pintor é moi explícita, unha muller a punto de ser devorada e na súa cabeza a expresión *eres mía*.

O autor proponnos tamén un pensamento cuxa idea é a penetración lenta nas nosas mentes de pensamentos que nos anulan. A rapaza da ilustración parece que só chegase a concibirse a través de quen a ameaza.

Canción
Eres mía
Alejandro Sanz

Ya estoy aquí, otra vez ensayando
Una nueva despedida.
Aquí animándome a dar,
El primer paso de mi huída.
Colgado de tu melena,
atado a ti por cadenas,
a ti, a ti.
Maldito deseo.
Mi voluntad envenenas,
llenas de ti mi existencia, de ti por ti.
No puedo creerlo.
No puedo creerlo no.

Pero eres mía, tan fuertemente mía,
que hasta me siento un ser injusto y
egoísta.
Pero quería decirte un hasta siempre
y sin embargo he suplicado,
quédate siempre a mi lado,
los dos juntos, contra el resto del
mundo.

Yo que ensayé mi discurso,
y de memoria lo sabía.
Hoy frente a ti,
me quedo en blanco,
y las frases se me olvidan.

Me miras y me terminas.
Me rindo cuando suspiras,
por ti, por ti.
Y otra vez me ganas.
Vuelve a engancharme tu risa.
Me atrapas en tu camisa, en ti en ti.
Me pueden tus labios.
Me pueden tus labios, no.

Y te quiero mía, profundamente mía,
aunque sea en esta calle sin salida.
Siempre tan mía, intensamente mía,
Aunque sé que es una locura que nos lía,
ir los dos juntos por la vida,
Contra el resto del mundo (bis)

Películas, publicidade, cancións seguen sostendo modelos de muller submisa, modelos de home poderoso, modelos que xa sabemos que son piares dun sistema patriarcal que continúa orientándonos a dar valor ao poder, á propiedade, á xerarquía entre os sexos.

A través da letra dunha canción de xénero “romántico”, do cantante de éxito Alejandro Sanz, analizaremos este sentimento de posesión sobre a parella.

Desenvolvemento da actividade

Tempo: unha sesión

Materiais

- fotocopias coas preguntas
- fotocopias coa canción

Despois de ler a letra desta canción propoñémoslles as preguntas:

- De que sentimentos cres que fala esta canción?
- Con que palabras manifesta amor?
- Que cres que pasa nesta relación da que fala a canción?
- Que sentirías se alguén che dixese que es súa?
- Para expresar o teu amor diríaslle a alguén que é da túa propiedade?
- Gustaríache que alguén che expresase amor dicíndoche que es da súa propiedade?



Actividade nº 7

O amor e a liberdade van da man

Ilustración

O amor non somete, non domina... O amor conforta, axuda, dá calor.

Autor

Primitivo

Concepto clave

Conflicto – amor – ser libre

Obxectivo

Tomar conciencia da propia necesidade de atopar as palabras para expresar os nosos sentimentos e a importancia dos sentimentos e necesidades do outro, da outra, para resolver os conflitos sen violencia, así como abordar co alumnado os celos como unha falsa expresión do amor, xa que o desexo de control, de imposición, de posesión non cabe na relación amorosa.

Consideracións previas

A obra de Primitivo ilustra unha situación que podería pasar nun instituto e ofrécenos un texto que vai máis alá, expresando con palabras a súa propia visión do amor.

Ao proxectar a imaxe, debemos recordarlles que o artista ilustra un momento de violencia nunha parella e que, tendo en conta isto, imos analízalo.

A través das posturas e xestos dos rapaces e a rapaza, podemos invitalos a elaborar unha historia en que poñan nome a estas actitudes e manifesten o que elas e eles farían para evitar o sentimento de rabia que parece invadir o rapaz debuxado en primeiro plano.

Xeralmente, ao tratar sobre as relacións de parella en que se coa a violencia, é común que afloren falsas crenzas como a que expresa que os celos son unha manifestación do amor. Non só en adolescentes, elas e eles en boa medida están a repetir o que aprenderon, o que oen dicir, o que ven e escoitan nalgúñas películas, algunhas cancións, algunha literatura. Esta é a razón para que falemos dos celos nunha segunda sesión a partir de dúas situacións, que parten da proposta de “Ni ogros ni princesas”, un dos mellores e máis completos documentos realizados polo

profesorado para abordar a educación afectiva e sexual con alumnado de secundaria; publicado polo Instituto Asturiano da Muller e incluído na bibliografía comentada que acompaña estas actividades.

Cando falamos de celos, non abonda con dicir que ningún é dono nin dona de ningún. Non abonda con dicir que os celos non son bos, os que queremos tratalo co alumnado teremos que fiar moi fino. Dicilo, non abonda. É necesario que elas e eles cheguen ás súas propias conclusións e, especialmente, sintan a importancia de aprender a expresar os seus sentimentos, todos, os positivos e os negativos, estes últimos sen violencia.

Por tanto, aproveitando a relación educativa que creásemos na aula, o oportuno é buscar con elas e eles que descubran, se non o fixeron xa, que a violencia non cabe nunha relación amorosa; dito doutro xeito, que cando se coa a violencia xa non hai amor, **o amor e a liberdade van da man.**

Desenvolvimento da actividade 1:

Tempo: unha sesión

Materiais

- fotocopias co concepto 'conflito' que se propón (glosario)
- fotocopias da imaxe para cada grupo
- folios para escribir a historia

Desenvolvimento da actividade:

Dividida a clase en pequenos grupos, preferiblemente mixtos, repartimos as dúas fotocopias nas que lles propoñemos:

Crede un relato cos que aparecen nesta ilustración. Podedes poñer nome aos personaxes e ao que pasa, tendo en conta:

- Unha descrición da situación que ilustra a pintura.
- Que credes que lle pasou ao personaxe que aparece en primeiro plano para sentirse así?
- Credes que hai algún conflito? cal podería ser? Podedes guiarvos por unha situación que vivise alguén a quen coñecedes.
- Que saídas encontrades para solucionar este conflito sen violencia?
- Se se trata de dialogar, podedes inventar un diálogo entre personaxes.

Desenvolvimento da actividade 2:

Tempo: unha sesión

Materiais

- fotocopias individuais co **caso 1** e as preguntas para as rapazas.
- fotocopias individuais co **caso 2** e as preguntas para os rapaces

Desenvolvimento da actividade:

Repartidas as fotocopias **correspondentes a cada rapaza e a cada rapaz**, pedímoslles que individualmente lean con atención e contesten as preguntas dentro do tempo que quen coordina considere conveniente.

A continuación, en pequenos grupos mixtos, pedímoslles que intercambien os seus casos e respostas e acorden cales serían, entre todas as respostas, as que consideran máis sensatas, para que unha ou un voceiro as expoña ao conxunto da clase.

■ **CASO 1:** Óscar e Ana coñecéronse hai seis semanas e dende entón saen en parella. Este sábado quedaran ás cinco para ir ao cine. Cando Ana xa está preparada para saír, Óscar chámala por teléfono e dille que está cos seus amigos e que, como hai moito tempo que non os ve, lle gustaría saír esa tarde con eles, porque van ver un partido de fútbol xuntos.


Ana dille: “Moi ben, vaite con eles, pero a min non me volvas chamar”.

- Que cres que sente el? E ela?
- Por que cres que ela actuou así? E el?
- Teñen dereito a actuar como actuaron estas dúas persoas?
- Que alternativas darías a cada unha das dúas persoas para que poidan solucionar o seu conflito?

■ **CASO 2:** Óscar e Ana coñecéronse hai seis semanas e dende entón saen en parella. Este sábado quedaran ás cinco para ir ao cine. Cando Óscar xa está preparado para saír, Ana chámalo por teléfono e dille que está coas súas amigas e que, como hai moito tempo que non as ve, lle gustaría saír esa tarde con elas, porque van ver un partido de baloncesto xuntas.

Óscar dille: “Moi ben, vaite con elas, pero a min non me volvas chamar”.

- Que cres que sente el? E ela?
- Por que cres que ela actuou así? E el?
- Teñen dereito a actuar como actuaron estas dúas persoas?
- Que alternativas darías a cada unha das dúas persoas para que poidan solucionar o seu conflito?



Actividade nº 8

Quen ben te quere, farate chorar?

Ilustración

Quen ben te quere, farate
chorar?

Autora

Sonia Pulido

Concepto clave

Benestar

Obxectivo

Invitar o alumnado a cuestionar os mitos e crenzas.

Consideracións previas

Sonia Pulido invítanos, a través da súa ilustración, a fixar a mirada en varios elementos a partir dos cales manifesta sentimentos e condutas e dá á súa obra o título da actividade, frase repetida que aínda persiste en moitas mentes, e forma parte do simbólico sobre o amor.

O mito do amor romántico exprésase tamén a través de frases que non é excepcional escoitar non só en adolescentes, tamén en persoas adultas como por exemplo: “é a miña media laranxa”.

Frases coma esta serven para propoñerlles, mesmo de xeito divertido, que se imaxinen como medias laranxas sal-

tando polo mundo buscando a outra media. E preguntarnos con elas e con eles se quererse de verdade é adaptarse á outra persoa e encaixar á perfección. Por exemplo, cambiar a forma de vestir porque ao noivo ou á noiva non lle gusta. A ilustración dános unha pista sobre isto.

Se entendemos así a relación amorosa, seguramente aquilo que non “encaixe perfectamente” nos gustos dunha ou doutra das persoas que forman unha parella terá efectos negativos. Por exemplo, na ilustración, ela, para que el non pense que non o quere, renunciará aos seus gustos. El crerá que é unha verdadeira proba de amor a renuncia dela.

Por todo isto, é necesario saber que facemos e como nos sentimos na propia relación e aprender a poñer palabras para expresalo, preguntándonos que queremos dunha relación de parella, máis alá de frases ou pensamentos estereotipados.

Desenvolvemento da actividade

Tempo: unha sesión

Materiais:

- Fotocopias coas preguntas

Explicamos ao alumnado o que é un mito e preguntámoslles se coñecen algún mito ou algunha frase que se refira a algo que elas ou eles pensen que é unha falsa crenza. A continuación, dicímoslles como falsas crenzas se instalan nas nosas cabezas e os nosos corazóns como produto de ideas preconcebidas.

Propoñémoslles que individualmente lean a fotocopia que lles damos e que escriban algunha outra frase moi concreta.

Logo, repartimos a clase en pequenos grupos, preferiblemente mixtos, e propoñémoslles que, tendo en conta o que escribiron, completen a frase:

Quen ben me quere...

Cada grupo escollerá unha ou varias frases que escribirá no encerado quen coordina a actividade ou unha voluntaria ou un voluntario.

Quero

que me escoite e me pregunte cando non estea de acordo comigo

que se comporte comigo igual en público que en privado

que non me estea a chamar ou envíe continuamente mensaxes para saber onde estou

que se desculpe cando cometa un erro

que entenda que hai outras persoas coas que tamén me gusta estar

que respecte os meus gustos e afeccións

que...

que...

que...

que...

que...

que...

que...



Actividade nº 9 Eu, no teu sitio...

Ilustración

Quen te quere nunca debe
pecharche a boca

Autor

Paco Roca

Concepto clave

Escoita

Obxectivo

Tomar conciencia da importancia de escoitar e de que nos escoiten, especialmente nunha relación que queremos conservar.

Consideracións previas

A ilustración e a frase de Paco Roca que a acompaña suxíren claramente un xesto que pode quedar aí ou pode significar algo máis que calar. Pensando na necesidade do diálogo para resolver os conflitos sen violencia, ademais de encontrar as palabras para dicir, é imprescindible a escoita.

Non me estás a escoitar!, talvez o dixemos ou nolo dixeron nalgún momento. Non escoitar ou escoitar a medias non permite entrar nun verdadeiro diálogo.

Carta ao consultorio dunha revista:

Unha das miñas mellores amigas que ten 15 anos, coma min, leva 3 meses saíndo cun rapaz dun curso superior.

Ao principio todo era xenial, el é moi guapo e a miña amiga estaba moi contenta porque se fixara nela. Non facía máis que contarme, fulano isto, fulano o outro...

Agora cando lle pregunto non me dá a lata coma antes e case non me conta nada. Como hai días que non a vexo e agora noto algo raro, insistílle e díxome que el empezou a cambiar, que xa non a escoita coma antes e que só quere falar dos temas que a el lle interesan. Parécelle que todo o que ela di é infantil, vaia! que onte lle soltou 'caladiña estás máis guapa'. Non sei, paréceme que algo máis pasa. Ultimamente case non a vexo... Non sei que dicirlle, é a miña amiga dende hai moito tempo e dáme pena que o estea pasando mal. Que podo facer?

Asina: unha amiga preocupada.

Tamén oímos expresións como “cala”, “caladiña estás máis guapa”, “ti que sabes! ”... Non é agradable escoitalas e, dende logo, nunha relación amorosa non teñen cabida, especialmente pensando no sentido que nos suxire o pintor.

Partindo dun pequeno relato, que podería aparecer nun consultorio dunha revista xuvenil, propoñeremos ao noso alumnado analizar a situación e aconsellar a quen escribe a carta.

Desenvolvemento da actividade

Tempo: una sesión

Materiais:


- fotocopias co pequeno relato
- folios para as súas respostas

Contesta a esta carta tendo en conta:

- A importancia que ti dás a escoitar e a que te escoiten.
- O que farías ti se estiveses no seu lugar ou o que farías ti se foses a amiga a quen o seu noivo non escoita.

Eu, no teu sitio, diríalle á túa amiga ...

Eu, se estivese no sitio da túa amiga,



Actividade nº 10 Ata onde?

Ilustración

Para que sexas o meu eido /
semento a túa boca de arame
cativo. / Para ser o teu dono /
segareiche a lingua cando
medre o espiño.

Autor

David Pintor

Conceptos clave

Amor – liberdade

Obxectivo

Coñecer que entende o noso alumnado por violencia nunha relación de parella e o seu grao de tolerancia cara a esta.

Consideracións previas

O pintor a través desta obra preséntanos unha relación na que podemos intuír a posesión, os celos, a rabia por parte de quen abraza unha muller en quen podemos interpretar entrega, unha relación que en moitos casos repite estereotipos baixo os que se mantén.

O relato que propoñeremos ao alumnado está contido no documento “Un amor a tu medida. Estereotipos y vio-

lencia en las relaciones amorosas”, da profesora Coral Cano, un estudo moi completo e orientativo sobre a percepción das relacións amorosas en rapazas e rapaces adolescentes. Propuxeron ao alumnado a lectura deste relato para que, a través das súas propias palabras establecesen “as representacións mentais que poden conter o xerme desa tolerancia e a negación da violencia contra as mulleres, encubridas por unha idealización do amor, compromiso e felicidade”: <http://www.educandoenigualdad.com/spip.php?article200>

Este relato dános a oportunidade de falar con elas e eles para que poñan atención á contradición que dende un principio vive Laura, a protagonista do relato, que sente malestar, está preocupada, fala da inseguridade del, ao tempo que di que lle gusta moito, que está namorada del, que el é o máis importante para ela e, a pesar dos signos manifestos de violencia, segue sen saber que facer...

Desenvolvemento da actividade

Tempo: unha sesión

Materiais:

- fotocopias individuais co relato e as preguntas
- fotocopias para cada grupo coa pregunta arredor da cal conversarán: **Se foses amigo ou amiga de Laura, que lle aconsellarías?**
- encerado

1. Repartimos as fotocopias co relato a cada alumna e a cada alumno, e marcamos un tempo co fin de que despois de lelo contesten, tamén individual e anonimamente, as preguntas.

- Que signos ou actitudes amorosas hai neste relato?
- Que signos ou actitudes violentas?
- Por que cres que Juan actúa así?
- Por que cres que Laura, a pesar de todo, aínda non sabe que facer?

2. A continuación, repartida a clase en pequenos grupos, preferiblemente mixtos, pedímoslles que conversen entre elas e eles sobre o relato e as súas respostas, para acordaren no mesmo grupo a resposta ou respostas á pregunta:

- Se foses amigo ou amiga de Laura, que lle aconsellarías?

3. Posta en común. Cada grupo elixe unha ou un voceiro e unha persoa voluntaria ou quen coordine a actividade poderá ir escribindo as propostas no encerado.

Do diario de Laura

Ultimamente penso moito nel a miña parella. Na nosa relación están pasando moitas cousas que me preocupan, aínda que sigo tendo claro que estou moi namorada del. Dende hai uns meses saíu cun rapaz, Juan, que é maior ca min. Somos amigos e gústame moito; malia que ten bastantes inseguridades, é intelixente e simpático.

Cando empecei a saír con el non sabía se me gustaba, sinceramente. Díxenlle que fose a un psicólogo polo tema da inseguridade, e non o tomou mal, pero creo que pensa que o vexo frágil, e é así, ás veces é algo frágil, pero cáeme ben, sei que o quero e é un amigo de verdade. Inténtolle axudar, pero non sei se o consigo. O problema é que moitas veces cando fago unha proposta Juan díme o contrario, por exemplo, se propoño ir ao cine, díme que vaíamos tomar algo pero se son eu quen quere tomar algo e falar díme que por que non imos ao cine. Ao principio non me decatei disto. Agora sei que é así, que case sempre me leva a contra.

Un día díxenlle que por que non íamos á casa dunhas amigas que alugaran unha película das que nos gustan e podíamos pasar a tarde alí, Juan díxome que lle gustaría pasear e tomar algo. Eu molesteime: sempre que eu propoñía facer unha cousa, el non estaba de acordo.

Íamos collidos da man e notei que Juan me empurraba contra unha árbore. Tropecei e caín. Mentres me axudaba a erguerme, soamente se lle ocorreu dicirme que sempre estaba distraída, que era un desastre e sempre caía. Doeume a súa actitude porque eu sabía que el me empurrara

contra a árbore. Entristecinme moito e el non sabía que facer para alegrarme. A verdade é que cando vin todos os esforzos que facía e o coidado que tiña comigo, me esqueceu a miña dor. Non quería sentirme mal ao seu lado. Finalmente, fomos ao cine xuntos e pasámolo moi ben.

Dende entón vía a Juan máis tranquilo e máis seguro que antes. Díxome que son moi importante para el. Iso chegoume ao corazón, porque el é o máis importante para min. Coñezo outros rapaces, pero só estou ben con el.

Total, ao final pasámolo moi ben os dous e iso é o que vale, compartir bos momentos faime sentir querida, aínda que sei que non será un camiño de rosas e máis despois do que pasou hoxe.

Eu case esquecera o asunto da árbore e estaba moi confiada. Por iso me fixo dano o que pasou hoxe. Todo empezou cando lle dixen que esta fin de semana non podería quedar porque teño que preparar unha avaliación. Aínda oíu os seus berros, os seus insultos e sinto o forte empuxón que me deu. Esta vez non caín, pero foi peor. Non comprendo como se atreve a dicirme cousas tan desagradables e non sei por que me empurra. Pregúntome se isto sempre pasará entre nós.

Pero a verdade é que non sei que facer. Gústame Juan, gústame a música e pásoo moi ben coas miñas amigas.>>



Actividade nº 11

A relación amorosa

Ilustración

A man que colles pode ser tamén a que te maltrata.

Autor

Javier Olivares

Conceptos clave

Amor – liberdade

Obxectivo

Identificar certos xestos nos que se coa a violencia na relación.

Consideracións previas

Nunha relación amorosa, como en calquera outro tipo de relación, poden existir os conflitos e é precisamente sabelos abordar o que evita a violencia. Necesitamos saber expresarlle que sentimos e por que non nos gusta algo que pasa na relación a quen empeza a sentir que a parella é da súa propiedade e a quen debe ver nestes xestos o perigo de perder a liberdade.

Neste sinxelo exemplo o alumnado poderá ver como se coaron os celos en Lucas, que empeza a criticar a Mara precisamente por aquilo que máis lle gusta dela, e o des-

Que pasará?

Mara e Lucas hai un ano que iniciaron unha relación amorosa. Lucas sentiuse engaiolado da súa risa, de como baila e se move, da súa coquetería, do doado que é para ela facer amigas e amigos, da paixón que pon no que fai.

Mara séntese moi ben con el e admira a súa disciplina, os seus coñecementos e a súa paixón pola pintura.

Agora Lucas ten a posibilidade de realizar a súa primeira exposición. O día da inauguración, Lucas estaba moi nervioso. Mara intentou relaxalo traballando moito para que todo estivese perfecto. Ela segue sendo moi espelida como cando se coñeceron. Puxo o seu vestido laranxa porque sabe que a el lle gusta moito e esmerouse máis que nunca en ser simpática porque quería que todo saíse o mellor posible.

Ao rematar a exposición, o dono da galería díxolle a Lucas que os cadros foran un éxito e que mesmo apalabrara a venda dalgúns deles.

Mara, ao escoitar isto, púxose moi contenta e deulle un abrazo forte, felicitándoo, pero Lucas evitouna e non se mostrou moi feliz. Ela, decepcionada, preguntou que pasaba. El dixo que non lle gustaba que ela chamase tanto a atención con ese vestido e que non entendía por que tiña que ser sempre tan simpática con todo o mundo. Ela, sen entender nada, botouse a chorar. Estaba esgotada.

concerto de Mara que non entende por que Lucas lle di as razóns do seu desagrado. O texto, cunha pequena variación, está contido no documento “*Hay miradas y miradas: guía para la prevención de la violencia hacia las mujeres*”, incluído na bibliografía.

Desenvolvemento da actividade

Tempo: unha sesión


Materiais:

- folios individuais co relato e as preguntas
- fotocopias co relato para que en grupo continúen a historia

Repartimos os folios individuais e fixamos un tempo para a lectura e para que escriban as respostas.

Logo, por grupos na medida do posible mixtos, pedímoslles que continúen ou rematen a historia.

- Por que cres que Lucas rexeita a coquetería e a facilidade de Mara para relacionarse con outra xente cando precisamente era o que lle gustaba cando a coñeceu?
- Cres que Mara deu motivo para a reacción de Lucas?
- Que farías ti no sitio de Lucas?
- Que farías ti no sitio de Mara?



Actividade nº 12

Pódese amar e ser libre á vez

Ilustración

Sempre hai un denominador común latente en cada unha das manifestacións desta triste realidade, e é unha angustiosa falta de liberdade.

Autora

Eva Vázquez

Conceptos clave

Amor – ser libre

Esta proposta consta de dúas actividades, unha por sesión:

Actividade 1

Con que palabras asociamos o amor?

Obxectivo

Coñecer que pensa e como se expresa o alumnado sobre o amor e con que palabras asocia este sentimento nunha relación de parella co fin de evidenciar a existencia de mitos e prexuízos a partir das súas propias palabras.

Consideracións previas:

Xeralmente, asociamos o **amor** con palabras agradables como afecto, respecto, comprensión, cariño, caricias, sexualidade. Ao tempo, pode suceder que alguén nun grupo exprese por exemplo a palabra celos ou termos que necesiten unha explicación, como entrega.

Durante o desenvolvemento deste exercicio o alumnado pode expresar palabras cunha connotación negativa, positiva ou ambigua; é fundamental escoitalo sen expresar xuízos de valor sobre a palabra que escolla. O papel de quen coordina é dar espazo a que se exprese libremente, porque todo o que digan nos pode dar idea do que pensan ou senten acerca do amor, co fin de orientarnos e orientalos sobre a existencia de mitos ou prexuízos como pode ser a relación entre celos e amor.

Así, partiremos do seu propio sentir e da necesidade de afondar sobre iso especificamente a través doutras actividades propostas mediante outras imaxes ou outros recursos.

Desenvolvemento da actividade 1

Tempo: unha sesión

Materiais

- fichas de cartolina,
- cinta adhesiva e rotuladores,
- fotocopias individuais coas preguntas,
- fotocopias individuais coa nosa proposta sobre o amor (glosario)

Pedir ás alumnas e aos alumnos que, individualmente, escriban na ficha, con letra grande, unha palabra que asocien coa palabra amor, insistindo en que debe ser de forma individual e anónima.

Ao rematar quen coordina a actividade recollerá as fichas e pedirá un voluntario ou voluntaria para que as baralle e as volva repartir. A continuación cada alumna ou alumno, un por un ou unha por unha, deberá ler en voz alta a palabra e pegar a cartolina que lle correspondeu na pizarra.

O coordinador ou coordinadora poderá, entón, invitalos a falar sobre as palabras que escribiron:

- Falta algunha que lles parece moi importante e por que?
- Quitarían algunha e por que?
- Hai algunha que non se entenda?
- Parécelles que a maioría expresan sentimentos ou xestos que impliquen benestar?

Despois de escoitalos, repártense as fotocopias coa proposta sobre o amor e pídeselles que analicen reflexivamente se o que lles propoñemos para significar o amor se corresponde ou ten relación coas palabras que hai no encerado.

Segundo o xuízo de quen coordine, pódese invitar o grupo a realizar un cartel para deixar na aula, que se titule **As nosas palabras e xestos para o amor**.

Finalmente, proxéctase a imaxe e pídeselles que, usando a palabra amor, lle dean un título.

Actividade 2

Pódese amar e ser libre á vez

Obxectivo

A través de situacións cotiás, recoñecer como se coa a violencia nas relacións, co fin de que aprendan a recoñecela dende o propio significado que dan ao amor e á liberdade.

Consideracións previas

A través da representación realizada polas alumnas, proporcionar a ocasión para que intercambien entre elas e eles opinións sobre as relacións amorosas e a importancia do propio desexo.

Pode ser que para alguén do grupo o control sexa un xeito de manifestar interese ou amor pola outra ou o outro. Non obstante, na situación que se presenta queda claro que Lucía renuncia a estar coas súas amigas non tanto porque prefira estar con quen a chama; está claro que, ademais das catro mensaxes en media hora, a súa expresión **“teño que irme!”** ou **“sei que non lle gusta** que quede por aí despois da clase” dan claras pistas sobre a súa decisión: vaise, non polo seu **desexo** (pois preferiría nese momento quedar coas súas amigas) senón polo de quen a chama.

Analizando esta secuencia e estas palabras tamén estamos a dar pistas ao alumnado para recoñecer a violencia non só nas súas relacións. Dámos a ocasión de que a identifiquen tamén noutras relacións amorosas do seu ámbito,

Representación

Unha tarde de primavera, nos bancos que rodean os bambáns, un grupo de amigas intercambian impresións do día. Entre elas Lucía e Leire e... entre risas e barullo, o son dun móbil que acaba de recibir unha mensaxe.

Lucía: —Vaia! É a cuarta mensaxe que me envía en media hora, teño que irme!
—di mentres recolle os libros despregados polo chan das présas por compartir coas súas amigas...— Pregúntame onde estou e sei que non lle gusta que quede por aí despois da clase.

Leire: —Queda un pouco máis e apaga o móbil, anda Lucía!

Lucía: —El estará a esperarme no parque e se non vou... —replica mentres bota a correr preocupada.

invitándoos a recoñecela a través do significado que dean a **ser libres**.

Desenvolvemento da actividade 2

Tempo: unha sesión

Materiais:

- fotocopias co texto para a representación
- fotocopias individuais coas preguntas,
- fotocopias individuais coa proposta sobre ser libres (glosario)
- un teléfono móbil para a representación

Previamente, quen coordine a actividade pedirá a varias alumnas que representen a situación que se describe a un grupo de amigas. Quen coordine a actividade explicarlles a importancia de que quede claro que quen a chama é un rapaz, así como o desgusto e a angustia que sente Lucía e o malestar de Leire.

A situación en que baseamos esta proposta para representar na aula e outras son relatadas e exhaustivamente analizadas por Itxaso Sasiaín Villanueva, La violencia que se cuela en la vida cotidiana, en *Cuaderno de educación no sexista nº 21, "El amor y la sexualidad en la educación"*. Autoría compartida. Instituto da Muller. Madrid 2007: www.educacion.gob.es/intercambia/IrASubSeccion-Front.do?id=1686

Despois da representación repártense as fotocopias coas preguntas para que as lean individualmente e logo

fórmanse grupos para comentalas e pídese que entre os que formen o grupo escollan unha ou un voceiro para que lea as respostas cando se poñan en común ao resto dos grupos.

- Cres que esta situación pode darse na vida cotiá?
- Se foses Lucía, apagarías o móbil?

- Se tiveses estado con Lucía, que lle terías dito?
- Que sentes cando te sentes libre?

Repártense individualmente as fotocopias co concepto **ser libre** e invítanse a reflexionar sobre a importancia de recoñecer o propio desexo.

Finalmente, proxéctase a imaxe e pídeselles que lle dean un título usando as palabras **amor e liberdade**.

glosario

Estas palabras foron seleccionadas do glosario do curso a distancia do Ministerio de Educación Cultura e Deporte. INTEF. *Coeducación: dos sexos en un solo mundo*, das autoras Graciela Hernández Morales e María Jesús Cerviño Saavedra. 2009.
<http://formacionprofesorado.educacion.es/index.php/es/materiales>

Amor: capacidade de apertura cara a outro ser humano que nos permite aceptar e entender o que o outro ou a outra é.

Androcentrismo: modo de representar o mundo que considera os corpos, experiencias, creacións, desexos e intereses masculinos como se fosen en realidade os corpos, experiencias, creacións, desexos e intereses de toda a humanidade.

Conflicto: situación que se dá cando o xeito co que alguén intenta satisfacer os seus propios desexos ou necesidades imposibilita a satisfacción dos desexos ou necesidades doutra persoa. É inherente a calquera relación. Abrir un conflito e buscar conxuntamente o modo de satisfa-

cer os desexos e necesidades de ambas as dúas persoas pode ser unha oportunidade para coñecerse mellor, agudizar a imaxinación e afondar na relación.

Diferenza sexual: sentido e significado que cada muller dá ao feito de pertencer ao sexo feminino e que cada home dá ao feito de pertencer ao sexo masculino. O proceso de dar sentido e significado ao propio sexo non se dá dunha vez para sempre, é un proceso que se xera ao longo de cada vida.

Discriminación: negar e impedir o acceso dalgunhas persoas a determinados recursos, lugares, dereitos, oportunidades ou formas de expresión, polas súas características físicas, polas súas ideas ou valores, polas actividades ou prácticas que realizan, ou pola súa pertenza a algunha casta, etnia, cultura ou clase social.

Empatía: capacidade de poñerse na pel doutro ser humano que ten unha historia, un corpo, unha sensibilidade e unha forma de pensar diferente á nosa. Non é, polo tan-

to, un 'quita ti para poñerme eu,' senón apartar aquilo que somos para poder sentir unha determinada experiencia do mesmo modo que a sente esa persoa.

Escoita: dáse nunha relación de aceptación, implica interese por entender de verdade que lle acontece e quen é o home ou a muller con quen nos relacionamos, sabendo que el ou ela é quen mellor sabe o que vive e o que sente, aínda que lle falten as palabras e a experiencia para comprender esas vivencias e sensacións. Non se trata, polo tanto, de interpretar, xulgar ou anticiparse ao que nos quere expresar, senón de acompañalo nese proceso.

Estereotipos: atributos que se presupoñen ás persoas que teñen determinados trazos físicos ou que pertencen a unha determinada colectividade. É unha representación simple e basta que se superpón á riqueza e á complexidade que cada ser humano trae consigo. Leva, polo tanto, a relacionarnos coa imaxe creada a través destes atributos e non con homes e mulleres singulares e diferentes entre si.

Xénero: conxunto de estereotipos creado polo patriarcado para cada un dos sexos. Trátase dunha serie de características diferentes para homes e mulleres que buscan lexitimar a dominación duns sobre outras. Leva consigo, ademais, unha desigual valoración, de modo que a aquilo que se considera propio dos homes se lle dá máis valor e

recoñecemento que ao que se considera propio das mulleres.

Igualdade: situación na que todos os seres humanos teñen os mesmos dereitos, medios materiais e oportunidades. O oposto á igualdade é a desigualdade e non a diferenza.

Lingua: é o conxunto de símbolos e signos que unha comunidade determinada utiliza para entenderse. Cada lingua está suxeita a continuas modificacións que xorden do uso que as e os falantes fan desta, así como a necesidade de describir novas realidades, conceptos, interpretacións do mundo, descubrimentos, etc. Estas modificacións inclúen a creación de novas palabras, o desuso doutras moitas, os novos significados cos que se van enriquecendo outras, etc. **Lingua materna:** para Gemma del Olmo Campillo "a expresión lingua materna non se refire unicamente á lingua falada por nacer nun determinado lugar, clase social ou familia, é moito máis, é un xeito de habitar a linguaxe que non pode identificarse coas normas lingüísticas nin cos códigos sociais, nin coa ordenación destes (...). Está máis alá deles, posto que comprende o significado dos sentimentos no seu sentido pleno, non meramente instrumental". (En Milagros Montoya; *Enseñar: una experiencia amorosa*. Sabina Editorial, Madrid, 2008, p.26).

Liberdade – ser libre: darse a coñecer sen sentir a necesidade de impoñerse. Mostrarse e abrirse ás e aos demais

sen que medie o medo ou o sometemento. Enraizarse no propio desexo para deixar unha pegada singular e orixinal no mundo.

Masculinidade: modo no que cada home significa e expresa o feito de pertencer ao sexo masculino.

Mediación: o que fai posible o recoñecemento e a relación entre diferentes persoas. En caso de conflito, é aquilo que permite falar de asañamentos, diferenzas, desexos, necesidades e dificultades sen dar paso á violencia. A mediación máis poderosa é o amor.

Misoxinia: odio ás mulleres. É significativo o feito de que non exista unha palabra que na nosa lingua designe o odio aos homes.

Nomear dende si: é a capacidade para falar do que acontece partindo da propia subxectividade, é dicir, analizando a realidade dende a propia interrelación con ela; isto permite a cada persoa descubrir as súas necesidades, os seus desexos, o seu xeito propio, orixinal e singular de ver e moverse neste mundo e, unha vez descuberta, poder dicila, poder comunicala. Nomear dende si nace da práctica de partir de si.

Patriarcado: organización social, económica, cultural e política baseada no poder dos homes sobre as mulleres.

Está auspiciado polo androcentrismo e polos estereotipos de xénero.

Práctica da paz: actuar facéndose depositario ou depositaria da paz. Buscar en cada contexto o modo de dar e deixarse dar por outros e outras sen medo e con liberdade. Implica desprezar a violencia con creatividade e amor.

Prexuízos sexistas: un prexuízo supón valorar algo, xeralmente de forma desfavorable, sen coñecelo ben. Os prexuízos sexistas supoñen facer xuízos con respecto ao outro sexo, sen coñecer realmente as necesidades, desexos, expectativas, etc. que moven unha determinada actuación.

Previr: crear contextos e relacións nos que se recoñece e se valora a paz e, polo tanto, nos que a violencia non ten cabida. Implica deixar sen sentido o modelo de masculinidade violento e dar valor e recoñecemento ás achegas das mulleres.

Sexo: sabemos se alguén é do sexo feminino ou do masculino polas características do seu corpo (xenitais ou outro tipo de signo externo, diferenzas internas e composición cromosómica das células). A diferenza máis significativa é que, dende a menarquía ata a menopausa, as mulleres poden albergar no seu corpo e dar a luz a unha nova vida humana.

Simbólico: representación que facemos das cousas, as persoas e o mundo. O modo de simbolizar é fundamental, xa que nos pode levar a comprender mellor o que nos rodea ou, pola contra, a distorsionar a realidade. **Facer simbólico** é poñer palabras á realidade que cada persoa vive, pensa e desexa; é nomear as súas actuacións, desexos, necesidades, dificultades ou acertos. **Existencia simbólica:** refírese a aqueles aspectos da realidade que son representados mediante unha linguaxe, de maneira

que cobran un significado que pode ser transmitido ás demais persoas.

Singularidade: refírese ao feito de que cada persoa é única, insubstituíble e irrepetible; potenciar a singularidade ten que ver con axudar a mostrar a diferenza que cada cal levamos dentro, sendo conscientes da importancia de ver o mundo de xeito orixinal, é dicir, atendendo á orixe do que cada persoa é ou vai sendo.

bibliografía

Un amor a tu medida. Estereotipos y violencia en las relaciones amorosas, Coral Caro Blanco. Profesora de ensino secundario. Membro do Seminario Interdisciplinar de Estudos de Xénero. Universidade de Barcelona. Este documento contén estudos de campo realizados con adolescentes, nos que se mostra exemplos reais sobre como se expresan sobre o amor e a parella. É orientativo sobre varios aspectos como o mito do amor romántico.

<http://www.educandoenigualdad.com/spip.php?article200>

“Ni ogros ni princesas”. Autoría compartida. Guía para a educación afectivo-sexual en educación secundaria. Instituto Asturiano da Muller. Como se dixo nalgún momento, é un dos materiais mellores e máis completos para traballar co alumnado. Contén actividades adaptadas para, dentro dunha secuencia, realizar nalgúns materias dende 1º a 4º da ESO.

http://tematico.asturias.es/imujer/upload/documentos/guia_no_ogros_ni_princesas1069.pdf

“Hay miradas y miradas: guía para la prevención de la violencia hacia las mujeres”. Autoría compartida. Instituto Andaluz da Muller. Monográfico con actividades para realizar con rapazas e rapaces.

www.ite.educacion.es/formacion/materiales/112/cd/m4/25_de_noviembre.pdf

Proxecto “Andalucía detecta, Andalucía previene. Sexismo y Violencia de Género en la Juventud”. Resultados e recomendacións para a prevención eficaz da violencia de xénero entre adolescentes, dirixido a profesionais que traballan con mozos.

www.juntadeandalucia.es/institutodelamujer/index.php/coeducacion/programa-para-prevenir-la-violencia-de-genero

¿Fracaso escolar? La solución inesperada del género y la coeducación. Daniel Gabarró Berbegal escribe este artigo-investigación, no que, entre outras cousas, como se di no prólogo colectivo, nos propón que a coeducación e o xénero non son unhas cuestións meramente tanxenciais e froito dunha necesaria corrección política, senón a única solución alcanzable contra o fracaso escolar.

www.danielgabarro.bubok.es/

Serie Cuadernos de educación no sexista. Editados polo Instituto da Muller e dirixidos especialmente a profesorado.

<https://www.educacion.gob.es/intercambia/IrASubSeccionFront.do?id=1686>

Nº 7 Prevenir la violencia. Una cuestión de cambio de actitud. Serie de cuadernos no sexistas nº 7. Instituto da Muller. Madrid, 2006. Este documento, de xeito moi claro, introdúcenos no que é a violencia e especialmente a que se pode presentar na escola. Contén propostas prácticas para abordar a violencia no ámbito educativo.

Nº 14 Tratar los conflictos en la escuela sin violencia. A través de situacións que se presentan na escola, desenvolve algúns aspectos relacionados coa violencia: os seus significados, os modos en que homes e mulleres se posicionan ante esta, as causas da violencia exercida especificamente contra as mulleres e o papel que xoga a socialización de nenas e nenos na formación de condutas violentas.

Nº 17 Tomar en serio a las niñas. As autoras reflexionan a partir de tres eixes que consideran inseparables entre si e que necesitan ser atendidos con seriedade e delicadeza para facer da violencia contra as mulleres unha violencia impensable, como ben sinala María-Milagros Rivera Garretas. Estes tres eixes son os corpos sexuais, o simbólico e as relacións.

Nº 18 Contar cuentos cuenta. En femenino y en masculino. Proponse introducir na práctica educativa o traballo cos contos de xeito crítico, creativo e lúdico, partindo do

feito de que nas aulas hai nenas e nenos e isto é un feito relevante. Contén actividades para realizar tamén en secundaria.

Nº 21 El amor y la sexualidad en la educación. Varias asesoras do proxecto Relaciona, unha proposta fronte á violencia cara ás mulleres, falan dos corpos, as relacións, a lingua, o amor, a sexualidade, a violencia, a educación sexual... poñendo en común a súa aposta polas relacións educativas que fan posible a vida e poñen freo á violencia.

Nº 22 Clases de cine. Compartir miradas en femenino y masculino. Publicación elaborada para facilitar o traballo das profesoras e os profesores que, coa súa práctica educativa en primeira persoa, poñen as relacións no centro do seu traballo e non separan a educación da vida das súas alumnas e alumnos. Vai acompañada dun CD que inclúe unha selección de títulos de películas e suxestións sobre os aspectos que a partir destas poden tratarse co alumnado.

Nº 24 Formación en relación. Mostra o valor da experiencia e o saber dos que están nas aulas e valora o seu traballo diario, partindo dun concepto de educación que vai alén da transmisión de coñecementos, xerando valores que transforman e serven para a vida. As reflexións deste documento parten do traballo de formación con profesorado dentro do proxecto Relaciona, unha proposta para previr a violencia cara ás mulleres.

galicia



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES
E IGUALDAD

SECRETARÍA
DE ESTADO
DE SERVICIOS SOCIALES
E IGUALDAD
DELEGACIÓN
DEL GOBIERNO
PARA LA VIOLENCIA
DE GÉNERO



XUNTA
DE GALICIA